# RETALLOS

## XORNAL DO CEIP "A SOLAINA"

Nº 16- 2023




Equipos de Dinamización da Lingua Galega

FOTO DE GRUPO DE 6º EI



# RETALLOS                                                                  CONTIDO

Manifesto do Correlingua 2023 ........................................................ *páxina 2*

Profesorado 2022 – 2023 ........................................................ *páxina 3*

X CONCURSO DE DEBUXO ESTARRECEDOR “PASÁMOLO BEN” .................................... *páxina 4*

XIII CONCURSO DE CONTOS DE MEDO “PASÁMOLO BEN” .................................... *páxina 8*

*Dándolle á lingua* ........................................................ *páxina 13*

*Colaboracións*

4º EI ........................................................ *páxina 14*

5º EI ........................................................ *páxina 16*

6º EI ........................................................ *páxina 21*

1º EP........................................................ *páxina 27*

2º EP ........................................................ *páxina 29*

3º EP ........................................................ *páxina 32*

4º EP ........................................................ *páxina 37*

5º EP ........................................................ *páxina 42*

Foto de grupo de 6º EP ........................................................ *páxina 46*

6º EP ........................................................ *páxina 47*

Sinaturas ........................................................ *páxina 52*

**Edita CEIP A SOLAINA**

**Equipo de Dinamización da Lingua Galega**

**Narón, xuño de 2023**



*Ria de Xuvia vista dende o Monte dos Nenos*

# Letras galegas 2023

## MANIFESTO DO CORRELINGUA 2023

## NA CASA, NA ESCOLA, BOTA A LÍNGUA FÓRA

Podemos parecerche xente pequena, pero somos o futuro! Somos xente lista! Xente intelixente! E hoxe viñemos aquí a botar a lingua fóra! Porque co galego podemos facelo. E ti tamén podes! Hoxe podemos botar a lingua para ensinarlla ás persoas que nos cruzamos pola pola rúa, podemos botar a lingua a pacer, podemos botar a lingua aos libros, podemos botar a lingua á tele, aos xornais, ás mestras e os mestres, ás nais e aos pais, ás familias todas! Porque a lingua que sacamos é a nosa: O GALEGO! Así que neste 2023 **NA CASA, NA ESCOLA, BOTA A LINGUA FÓRA.**

Con esta forza que nos dá o galego, queremos botar a lingua fóra diante de vós, as nosas familias, e pedirvos que vós tamén o fagades. Faládenos en galego, axudádenos a falalo, practicade con nós.

Botamos a lingua fóra porque amamos o galego da mesma maneira que amamos todas a linguas e a súa riqueza, porque sabemos que cada lingua importa e non é de mala educación botala fóra para ensinarlla a toda a xente: a quen a sabe falar e a quen a está aprendendo, a quen a ama e a quen a descoñece.

Botamos a lingua fóra diante dos medios de comunicación para pedir que apoien a nosa lingua e a nosa cultura. Botamos a lingua para que se escriban máis páxinas en galego, que haxa en todas as teles presenza do galego, que nas radios se poña música en galego todos os días, porque a nosa lingua non é unha anécdota: é unha lingua viva, moderna, útil e valiosa.

Botamos a lingua fóra para que a literatura galega chegue aos medios, ás librerías e bibliotecas. Para que a música en galego se escoite con normalidade. Para que as redes en galego medren e nos cheguen. Para que a arte creada en galego saia por todo o mundo.

E finalmente, botamos a lingua fóra diante das institucións que teñen que defender o galego como un tesouro de valor incalculable. Mirade a nosa lingua! Queremos vela nos documentos oficiais, no médico, nas tendas, nos medios, nos libros, nos vídeos, nas aplicacións… Queremos que a nosa lingua, que é longuísima, chegue a todos os recunchos do mundo. Pero para iso precisamos da vosa axuda. Por que non vides berrar con nós?:**NA CASA, NA ESCOLA, BOTA A LINGUA FÓRA.**

Manifesto do Correlingua 2023


C.E.I.P. A SOLAINA


C.E.I.P. A SOLAINA

## X CONCURSO DE DEBUXO ESTARRECEDOR "PASÁMOLO BEN "

### CATEGORÍA EDUCACIÓN INFANTIL



1° Premio: *Equipo PIASTRO* de 5° A de EI. **Mateo Alvariño, Valentina, Celia, Manuel e Salomé**



Accésit: *Equipo COMECOCOS* de 6° B de EI. **Mario, Daniela Mosquera, Sarah e Alex**

## CATEGORÍA 1º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

1º Premio: *Noite Meiga*. Autora: **Alba Rey Sierra** de 2ºB de EP.






Accésit: *Sen título*. Autora: **Emma Blanco de Bernardo** de 1º B de EP.

# XIII Concurso de Contos de Medo "Pasámolo ben"

**CATEGORÍA DE 3º E 4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

## 1º PREMIO

*Arrea monstro!*

Autor: **Thiago Lago Cajaraville** de 4ºB de EP






Despois de loitar durante moitos meses, chegaron a o laboratorio "LINKI S.A." onde despois de refuxiarse, comezaron a buscar un posible antídoto.

Chegaron decenas de persoas a pedir axuda, así que cada vez eran máis os que podían loitar contra os mostros e o virus.

O cabo de máis tempo conseguiron fabricar o antídoto que acabaría co virus.

Para que todo isto poidese rematar decidiron meter o antídoto nuns naiss.

Prepararon a conta atrás 5, 4, 3, 2, 1...

O antídoto chegou á tódalas cidades por medio de choiba

O final, a familia, onde "Thi" e "Le" foron os héroes, poideron conseguir que todo fose coma antes.





### CATEGORÍA DE 3º E 4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

## ACCÉSIT

*O misterio do soto*

Autora: **Ione Bouza Díaz** de 3ºA de EP



Érase unha vez, en 1954, un grupo de nenos da aula de 3º do colexio do Inferno desapareceron sen deixar rastro, e a historia comezou así.

Estes son os meus amigos: Marta, Cibrán, Vanesa e eu, Marcos.

Desde moi pequenos no noso colexio oíanse moitos ruídos que proviñan do soto. O mestre Nel tíñanos prohibido baixar a mirar.

Un día Marta convenceunos de baixar, como tiñamos moita curiosidade iamos facerlle caso. A semana seguinte cando o mestre Nel rematou a clase agochámonos ata que saísen todos. E alí comezou a nosa aventura!

Cando cruzamos esa porta nada volveu ser coma antes, ao fondo do soto atopamos un baúl cheo de sangue.

“Cibrán, abre o baúl!” díxolle Vanesa.

Cibrán levantou a tapa do baúl e tras un lóstrego foise a luz. Cando a luz volveu Vanesa e Cibrán xa non estaban. Marta e máis eu saímos correndo a buscar axuda. Mentres fuxiamos tiñamos a sensación de que algo perseguíanos, e era certo!

Asustados polo medo pechamos os ollos e cando os abrimos de novo estaba ela. A mestra Magdalena.

A mestra Magdalena fora a nosa mestra durante 5 anos. Marta e máis eu quedamos sen fala, porque facía uns meses da súa morte. Magdalena arrastraba as cabezas dos nosos amigos pingando sangue.

Nese momento baixou o mestre Nel e fixo o mesmo con nós.

Agora somos cabezas arrastradas polos nosos mestres.

Calana

# XIII Concurso de Contos de Medo "Pasámolo ben"

CATEGORÍA DE 5º E 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

## 1º PREMIO

*O parque encantado*


O parque encantado

Había unha vez uns nenos que foron a un parque de atraccións,pero o que non sabían era que o parque estaba encantado polo fantasma do dono de aquel parque. Ao chegar éste dixo cabreado:

-Tedes 2 horas para montaros en todas as miñas atraccións se queredes salir de aqui HAHAHAHA!!

E sen engadir nada máis o fantasma se esfumou sen deixar rastro.

Os nenos a simple vista non veron a ninguén. De repente escoitaron como as portas se pechaban PUUUUUUM!!

O parque tiña catro atraccions: noria, tiovivo,lanzamento de diana e circuito de obstáculos. Decidiron ir de primeiro á noria, alí encontráronse dous ZOMBIES custodiando a entrada, polo que os nenos decidiron achegarse pola parte traseira da atracción.

Alí encenderon a noria e subíronse.

Ao rematar a atracción os Zombies déronse conta do que sucedía. Os nenos intentaron fuxir e o conseguiron. Posteriormente foron sen pensalo ao circuito de obstáculos donde o que desconeñec+ian era que ao final do circuito agardáballes unha bruxa malvada.

O circuito foi un pouco complicado con algún que outro susto.

Ao chegar o final viron á bruxa e ésta tiroulles unha pocima que os puxo a durmir.

Tres consegueron esquivar a pócima pero a un dos nenos alcanzoulle, polo que os seus amigos tivérono que coller en brazos e desegido fuxir.

Foron ao tiro de diana onde non viron nada. Un empezou a tirar mentres os outros dous intentaban espertar o seu amigo.





De súpeto apareceron 3 momias, que case os pillan, pero o amigo espertou e escaparon.
Na última atracción atopáronse coa morte en persoa, na sua guadaña se via unha cabeza ensanguentada. Eles non dudaron en tirarlle unha pedra que lle impactou na súa propia guadaña desarmándoa e eles aproveitaron para poñer o tiovivo en marcha. Unha vez que rematou a atracción apareceu o fantasma do parque e escoitaron como se abrían as portas .Parecía que xa rematara todo pero todos os monstruos do parque comenzaron a perseguilos ata que conseguERON pasar a enorme porta.
O fantasma e a morte se desintegraron e todos voltaron a casa.
Pero pola noite todos espertaron de novo ao escoitar no silencio nocturno unha risa fantasmagórica...HAHAHA....!!!.

FIN.

# ACCÉSIT

## *A Xeadería*

Autora: **Aloia Morado Agulló** de 5ºB de EP



·A XEADERÍA·

Érase unha vez dúas mozas que a media noite estaban famelicas asique ao ver a luz dun cartel cun xeado xigante conduciron ata chegar a el. Cando chegaron unha moza as atendeu pero neso xeaderia, algo olia mal. Cando a moza, que levaba un disfraz de paiaso, deulles a carta dos sabores, quitouselles a fame de sópeto. A carta poñía:

| | |
|---|---|
| Sabor cerebro | 12,55 |
| Sabor sangue | 2,00 |
| Sabor ollo | 10,25 |
| Sabor araña | 14,11 |
| Sabor estomago | 5,00 |



Igualmente pediron un xeado de cerebro e sangue, eses eran os únicos que tiñan boa pinta na carta. -En tarrina ou cucurucho?- preguntou a moza da xeadeira. -Tarina, por favor- responderon as mozas.

Cando xa iban para a súa casa o seu coche tiña as rodas pinchadas. Así que segueron camiñando.

Cando iban pola ~~rúa~~ avenida a sdaina oiron uns pasos, así que deron a volta e, pum! a rapaza da xeadería tiña unha motoserra. Atacounas e arrastrounas ata a súa xeadería onde sacoulles o cerebro, cunha xeringa sacoulles sangue, cunha culler sacoulles os ollos e coa mesma motoserra quitoulles o estómago. Preparouno todo e fixo os xeados. Agora xa sabedes de onde ven o xeado desa XEADERÍA. Pero teñovos unha pregunta:

QUE SABOR QUREBES?

## Xincana Día Pi, o Correlingua e festa con Paco Pakolas

Un ano máis celebrouse no mundo o día Pi, adicado ao máis famoso número do mundo das matemáticas. No noso centro tamén o celebramos facendo unha xincana matemática na que tódolos nenos e nenas, agrupados en equipos, teñen que resolver uns problemas matemáticos. Pero non só tiveron que usar a cabeza, tamén usaron as pernas pois tiñan que ir buscar unhas letras que estaban repartidas polo cole e así formar a palabra gañadora. Pasámolo moi ben resolvendo enigmas, facendo puzzles, buscando polo cole as caixas coas letras... Sei dalgún que botaba fume pola cabeza.

Tampouco deixamos correr a oportunidade de participar no Correlingua deste ano asistindo ao magnífico espectáculo do grupo "Punk Infantil". Pasámolo moi ben botando a lingua fóra e bailando e axudar a cantar divertidas cancións.

E como tiñamos ganas de festa chamamos ao único e inimitable Paco Pakolas para nos deleitar co seu divertido espectáculo infantil musical e así rematar a celebración das Letras Galegas deste ano cunha festa rockeira galega.

Aquí vos deixamos unha pequena reportaxe gráfica destes eventos.










# O NOSO PRIMEIRO CURSO NO COLE DA SOLAINA!!!

## OS NENOS E NENAS DE 3 ANOS VIVIMOS GRANDES EMOCIÓNS

NO 1º TRIMESTRE COÑECÍMONOS E XUNTOS CANTAMOS E DISFRUTAMOS DO NADAL.



NO 2º TRIMESTRE SAÍMOS POLAS RÚAS DO NOSO BARRIO PARA DAR MOITO SABOR...



E NO ÚLTIMO TRIMESTRE INVESTIGAMOS O CICLO DE VIDA DOS PITIÑOS

O SEU
MODO DE VIDA
NA GRANXA
XUNTO CO RESTO
DE ANIMAIS.





DE QUE SE
ALIMENTAN...
(ENCÁNTANOS
TOCAR O MILLO!)





E VIVENCIANDO
O PASO DO TEMPO
OBSERVANDO
OS OVOS NA
INCUBADORA...
NACERÁ ALGÚN PITIÑO?
ESTAMOS MOI IMPACIENTES!
XA VOS CONTAREMOS...



# A VOLTA AO MUNDO

**AO LONGO DO CURSO OS NENOS E NENAS DE 4 ANOS ESTIVERON DESCUBRINDO, DA MAN DE JULIO VERNE, A SÚA OBRA.**





**GRAZAS A PHILLEAS FOG, AOUDA, INSPECTOR FIX, PASSEPARTOUT COMEZAMOS A NOSA VIAXE.**

***PARTIMOS DE:*** London





## A PRIMEIRA PARADA FOI EXIPTO

**APRENDEMOS UNHA MOREA DE CURIOSIDADES SOBRE ESTE PAÍS NA SÚA ANTIGUIDADE: QUEN ERAN OS FARAÓNS, FARAONAS... CÓMO VIVÍAN RODEADOS DE RIQUEZAS E COMO OS ENTERRABAN MOMIFICADOS EN SARCÓFAGOS DENTRO DAS FAMOSAS PIRÁMIDES DE EXIPTO. FOMOS FARAONAS E FARAÓNS POR UNS DÍAS.**









# A VOLTA AO MUNDO

## ALFABETO EXIPCIO



## OS NOSOS CÓDIGOS












# A VOLTA AO MUNDO



## CHEGAMOS A CHINA 太空



**UN LUGAR MOI MÁXICO, CON LENDAS SOBRE DRAGÓNS, MURALLAS...**





**CHAMOUNOS MOITO A ATENCIÓN A SÚA VESTIMENTA, COMIDAS, TEMPLOS... PERO O QUE MÁIS NOS GUSTOU E DIVERTIU FOI XOGAR Ó TANGRAM**







# A VOLTA AO MUNDO



**MOI PRETO DE CHINA, ESTÁ XAPÓN: ALÍ DESCUBRIMOS UNHA NOVA ARTE: ORIGAMI**









**POR FIN TEMOS O NOSO PASAPORTE**
**ESPERAMOS QUE VOS GUSTASE A NOSA VIAXE TANTO COMO A NÓS.**




6ºEDUCACIÓN INFANTIL
QUEREMOS CONTARVOS UNHA DAS NOSAS RUTINAS DA ASAMBLEA QUE FACEMOS DIARIAMENTE.
CONSISTE EN FACER UN ACRÓSTICO A PARTIR DUNHA PALABRA(COMEZAMOS O CURSO A PARTIR DO NOME DO ENCARGADO/A)
AGORA, SACAMOS UNHA TARXETA, O ENCARGADO DA PISTAS PARA INTENTAR ADIVIÑALA,
ESCRIBÍMOLA NA PIZARRA EN VERTICAL E A PARTIR DE CADA LETRA DICIMOS UNHA PALABRA.
CON ESAS PALABRAS INVENTAMOS UNHA HISTORIA E TAMÉN A DEBUXAMOS, ÁS VECES.
TRABALLAMOS CONCIENCIA FONOLÓXICA, DESCRICIÓNS,NARRACIÓNS,CREATIVIDADE...PERDEMOS O MEDO A FALAR EN PÚBLICO. E TODO DE FORMA DIVERTIDA!AHÍ VAI UN EXEMPLO:
VACA
ELEFANTE
ROBOT
ARGENTINA
NARON
HABIA UNHA VEZ, NO BERAN, UN NENO CHAMADO MESI QUE VIVIA EN ARGENTINA. XOGABA AO FUTBOL E UN DIA XOGOU UN PARTIDO ONDE O ARBITRO ERA UNHA VACA. OUTRO DIA XOGOU EN NARON CONTRA UN ROBOT ! QUE LOCURA DE PARTIDO ! NO EQUIPO DE MESI O PORTEIRO ERA UN ELEFANTE... E COLORIN COLORADO ESTE CONTO ESTA REMATADO
5 ANOS A



VIOLÍN
ERIZO
ROCK AND ROLL
ARBOL
NINJA

HABÍA UNHA VEZ UN NINJA QUE ESTABA
PASEANDO POLO BOSQUE, CAMPO DE REPENTE
ATOPOU UN ERIZO TOCANDO ROCK AND ROLL CUN
VIOLÍN. ENTÓN DIXO:

- OH! QUE RARO! UN ERIZO TOCANDO EL VIOLÍN?

E FOISE TAN FLIPADO QUE AO XIRAR
CHOCOU CUNHA ÁRBORE E CAEU DE
MORROS NO CHAN.

ECOLORÍN COLORADO O CONTO ESTÁ REMATA

**5 ANOS B**


VACA
ESQUELETO
RAIO
ARTE
NATA
HABIA UNHA VEZ UNHA VACA Á QUE LLE ENCANTABA O ARTE. ESTABA NO CAMPO E DECIDIU FACER UN DEBUXO DA SUA COMIDA FAVORITA QUE ERA O PASTEL DE NATA.
DE REPENTE COMEZOU UNAA TORMENTA QUE FIXO SAIR A UN ESQUELETO DA SUA TUMBA POR CULPA DUN RAIO.
5 ANOS C

COMO NOS GUSTA MOITO SAÍR DO COLE, IR EN AUTOBÚS, PASAR RATOS DIVERTIDOS COS AMIGOS E AMIGAS,... ESTE CURSO OS NENOS E NENAS DE 5 ANOS VIAXAMOS MOITO!

## MOSTRA DE TEATRO DE NARÓN







## VISITA AO CONCELLO DE NARÓN







# PLANETARIO E CASA DOS PEIXES EN CORUÑA



















## AFUNDACIÓN EN FERROL







## ALDEA NOVA EN NARÓN








**...E FÁLTANOS IR A CÓRAX E Á PRAIA DE CABANAS!!!**

A 1ºA e 1ºB ... ... pícanlle as EMOCIÓNS!

EDI ENFADOS

O enfado é como unha explosión que te avisa das inxusticias e agresións.



SANDI SORRISOS

A alegría é causada por un motivo placentero, é moi agradable.



(Se escaneas o código QR da cabeceira da páxina, poderás ver a nosa actuación en Intercentros'23)

TOTI TRISTEZA

A tristeza aparece cando nos decepcionan ou cando perdemos algo ou a alguén.
Cando contas o que te ocorre poderás sentirte mellor.



MATI MEDOS

O medo aparece cando cres que vas sufrir algún dano.
Serve para estar alerta do perigo.



# O ROSCO DE SEGUNDO



| LETRA | DEFINICIÓN |
|---|---|
| A | Lugar onde vimos personaxes mitolóxicos galegos, e fixemos xulas, pulseiras ... |
| B | Bebida con froita e leite que elaboramos no obradoiro de "nutrición". |
| C | Lugar ao que fomos e vimos a película "MOMIAS" |
| D | Traballamos en mate con moedas e billetes. Traballamos con ... |
| E | Canción que bailamos pola nadal " Siempre es navidad junto a ti". A cantante chámase ... |
| F | Nome do noso Profe de música |
| G | Contén o G. Festa do cole na que comemos castañas. |
| H | No escola celebramos "O samaín" que tamén se chama "Halloween" |
| I | Certame no que participamos recitando o poema do TRAS NO |
| L | Alimento que tomamos na merenda do cole para o que precisamos vaso. |
| M | Personaxe que aparece no panel de 2º A para o concurso de Intercentros. |
| N | Festas coas que comezamos as vacacións do 1º trimestre. |
| Ñ | Contén o Ñ. Obradoiro no que participamos en Aldeanova. |
| O | Contén a vogal "O": Obradoiro no que fixemos xogos e limos o conto de "Bicas". |
| P | Utensilio de educación física que levaban os forzudos no entroido. |
| Q | Parte da cara que está debaixo da boca e que aprendimos en ciencias naturais |
| R | Contén o "R". tesouro que atopamos en Aldeanova |
| S | Nome da mestra dos nosos/as compañeiros/as de 1º |
| T | Personaxe que aparece no panel de 2º B para o concurso de Intercentros. |
| U | Transporte que empregamos para ir de excursión. |
| V | Nome dunha compañeira e dunha de teatro que vimos no Pazo obra |
| X | Contén o "x". Personaxe que leva vasoira e é típica do Samaín. |
| Z | Contén o "z". Froitoco que facemos unha exposición no cole do Samaín. |

# SOLUCIÓNS ROSCO

A ALDEA NOVA

B BATIDO

C CINE

D DIÑEIRO

E EDURNE

F FRAN

G MAGOSTO

H HALLOWEN

I INTERCENTROS

L LEITE

M MOURA

N NADAL

Ñ COCIÑA

O COEDUCACIÓN

P PESAS

Q QUEIXO

R FROITA

S SABELA

T TRASNO

U BUS

V VALENTINA

X BRUXA

Z CABAZA

# BRILÉ

A orixe do brilé remontase a máis de dous siglos atrás, en África. O xogo orixinal era moi violento. Practicábase lanzando grandes pedras. A finalidade era lesionar ao oponente. Cando o doutor James Carlisle, un misioneiro que viaxou a Africá no século XIX, puido ver por primeira vez unha sesión deste xogo, quedou consternado ainda que, a medida que foi seguindo os partidos caeu na conta que os seus xogadores desenvolvían a capacidade de traballo en equipo, a velocidade, a axilidade ou a forza. James Carlisle decidío implementalo na escola St. Mary's College de Norfolk (Londres) ainda que sen violencia e o emprego dunha pelota de goma.

# MATERIAIS

Vamos a necesitar pelotas de espuma e conos

# NORMAS

Para sacar o primeiro balón os capitáns xogaran a pedra, papel e tesoiras.

Xogarase ata bolilar a todos os xogadores.

Se o balón lle da na cabeza, non é válido, repetirase o tiro.

Un xogador estará bolilado cando a pelota lle dea no corpo e caia ao chan.

Non hai vidas.

Un xogador non poderá lanzar dúas veces seguidas, a non ser que sexa o último do equipo.

Se se lanza a un contrario e lle da, pero antes de caer ao chan calquier xogador o colle, non estará bolilado.

# ATRÉVESTE CUNHA SOPA DE LETRAS?

ATOPA 10!

## DEPORTES OU XOGOS EN EQUIPO

| | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| X | U | S | U | B | K | G | R | E | M | O | G | U | E |
| Y | A | K | Z | A | Q | D | W | I | R | B | C | A | W |
| T | U | D | U | L | D | Q | V | E | G | P | G | Z | M |
| C | L | H | X | O | V | O | L | E | I | B | O | L | A |
| C | Q | J | R | N | L | U | B | R | Q | M | V | J | D |
| O | H | X | K | M | Q | U | A | Z | W | G | M | L | W |
| R | O | E | F | A | V | M | L | R | P | A | N | O | A |
| D | C | G | Ü | N | J | J | O | N | Q | E | H | X | T |
| A | K | C | T | M | A | L | C | G | O | M | D | R | E |
| C | E | B | B | H | P | V | N | B | W | X | W | U | R |
| K | Y | J | O | J | C | D | E | A | M | B | G | G | P |
| A | M | K | L | D | L | P | S | L | F | I | S | B | O |
| U | O | S | S | W | G | L | T | S | Z | K | R | Y | L |
| | Y | M | F | V | W | M | O | W | U | Q | F | O | O |

MIRA AS PISTAS!



# A VER SE SODES QUEN DE RESOLVER O ENCRUCILLADO!

SON PALABRAS Relacionadas co lerele.



## VERTICAIS

1. PERSOA QUE PARTICIPA NO XOGO
2. OBXECTO QUE SE LANZA PARA BRILAR.
3. LUGAR AO QUE VAN OS BRILADOS
5. PERSOA Á QUE LLE DEU A PELOTA
6. MATERIAL DO QUE ESTÁ FEITO A PELOTA.
9. PERSOA QUE PARTICIPA NO XOGO PARA FACER QUE SE CUMPRAN AS NORMAS.

## HORIZONTAIS

3. ZONA NA QUE SE XOGA
4. MARCAN OS LÍMITES DO CAMPO.
8. PAUTAS QUE HAI QUE CUMPRIR DURANTE O XOGO.
10. PARTE DO CORPO NA QUE NON SE PODE DAR PARA BRILAR.

### SOLUCIÓNS

9. ÁRBITRO
3. CÁRCERE
6. ESCUMA
2. PELOTA
5. BRILADO
1. XOGADOR

### SOLUCIÓNS

10. CABEZA
6. LIÑAS
8. NORMAS
3. CAMPO

# Que ben o pasamos!!!!!!














## OS NEN@S DE 4º SOMOS INVESTIGADOR@S

| | SABÍAS QUE...? |
|---|---|
|  | Se sigues estes pasos, sempre te dará o número 6.174:<br>1º) Elixe un número de cetro cifas.<br>2º) Ordéaas de maior a menor.<br>3º) Ordéaas de menor a maior.<br>4º) Resta eses números.<br>5º) Repite os pasos, e sempre dará 6.174. |
|  | O corpo humano pode estar sete días sen alimento pero so dous sen auga. |
|  | Un elefante 2a durme un par de horas ao día. Durme tumbada perra tamben de peigane entre 100 e 200 Kg ao día. |
|  | O Allosaurio foi o rei dos predadores do Xurásico en América do Norte. |
|  | As formigas: olen a través das antenas, teñen un cerebro diminuto pero complexo e enterran os seus mortos. |
|  | Os arrecifes de coral son a escultura viva máis grande da terra. |

## OS NEN@S DE 4º SOMOS INVESTIGADOR@S

| | SABÍAS QUE...? |
|---|---|
|  | Coco Chanel foi unha diseñadora moi importante que revolucionou a forma de vestir. |
|  | Segundo as creencias, Saturno é o único planeta do sistema solar con aneis, pero descubriuse que Urano, Neptuno e Xúpiter tamén teñen. |
|  | Os chans de madeira cruxen pola noite porque a temperatura baixa e fai que a madeira se contraiga e emite cruxidos. |
|  | A Terra pesa arredor de 6.588.000.000.000.000.000.000 toneladas. |
|  | Os mosquitos teñen 47 dentes. |



## OS NEN@S DE 4º SOMOS INVESTIGADOR@S

| | SABÍAS QUE...? |
|---|---|
|  | Só hai dous países en todo o mundo onde non é posible mercar Coca-Cola: Corea do Norte e Cuba |
|  | Hai un pobo en Holanda que non ten rúas, só canais. |
|  | No 2018 no deserto do Sáhara cubriuse dun manto de neve branca. A neve só durou un día porque fundiuse co Sol. |
|  | Os coellos bebé se chámanse gazapos. |
|  | En Brasil vive case a metade da poboación de Latinoamérica; Brasil ten 214 millóns de habitantes e en latinoamerica viven 224 millóns |



## OS NEN@S DE 4º SOMOS INVESTIGADOR@S

| | SABÍAS QUE...? |
|---|---|
|  | Existen lugares no mundo onde está prohibido morrer. |
|  | O animal mais antigo do e o Dickinsonia que existiu hai 450 millons de anos. |
|  | Os ourizos dos gatos brillan baixo a luz ultravioleta. |
|  | O home mais alto do mundo mide 2,89 m. |
|  | A Torre Eiffel pode ser 15 cm máis alta durante o Verán. |



## OS NEN@S DE 4º SOMOS INVESTIGADOR@S

| | SABÍAS QUE...? |
|---|---|
|  | A árbore do deserto de Balod pode almacenar 1000 litros de auga |
|  | Os machos de cabaliños de mar son os que teñen as crías. |
|  | As persoas que se deiten máis tarde son propensas a vivir menos. |
|  | O animal mais mortal para o ser humano é o mosquito. En especial, o mosquito amogelino que transmite a malaria. |
|  | A árbore máis vella do mundo é o "Gran abuelo" con 5.486 años. É un tronco de 40 mm de diametro |



## OS NEN@S DE 4º SOMOS INVESTIGADOR@S

| | SABÍAS QUE...? |
|---|---|
|  | A aguia nunca serinde cando as cousas se poñen feas. Ao cumplir 40 anos o seu corpo as traiciona, as súas plumas pesan tanto que xa non poden voar. |
|  | Aínda que son máis pequenos teñen un maior número de ósos que nosoutros. Un gato ten arredor de 230 osos que son 24 máis que o esqueleto humano. |
|  | Os golfiños durmen cun ollo aberto. |
|  | O novo carril bici de Barcelona incorpora un novo semáforo que ten moitas luces e que asemella a un tetris. |
|  | Máis de 1.000 aves morren anualmente por estrelarse contra as fiestras. |



## OS NEN@S DE 4º SOMOS INVESTIGADOR@S

| | SABÍAS QUE...? |
|---|---|
|  | -Un can e tan intelixente como un neno de 2 anos.<br>-Un can dun ano equivale a humán de 15 anos. |
|  | A marca Coca Cola iba ser un medicamento para o estómago. Creouse o 8 de maio de 1886. |
|  | En abril de 1966, en Ferrol tres militares viron, no ceo sobre o monte Campelo, un obxecto luminoso que cambiaba de forma. Máis tarde un mariñeiro tamén o vey dende Xuvia. |
|  | Os acantilados de San Andrés de Teixido son os máis altos de Europa continental, cunha altura de 6-20 metros. |
|  | Venus é o único planeta que xira ao revés que o resto e no sentido contrario ás agullas do reloxo. |



## OS NEN@S DE 4º SOMOS INVESTIGADOR@S

| | SABÍAS QUE...? |
|---|---|
|  | A lúa formaba parte da Terra. |
|  | Normalmente unha anguila macho vive uns 8 anos, e unha anguila femia vive uns 12 anos. |
|  | A AVESTRUZ PON entre 6-8 ovos, e os incuba durante 42-43 días. Soe vivir entre 30-40 50 anos en cautividade. |
|  | Sabías que o verme ten 10 corazóns e 6 pares de riles? |
|  | Unha persoa ten máis de 1.460 soños ao ano. |



## OS NEN@S DE 4º SOMOS INVESTIGADOR@S

| | SABÍAS QUE...? |
|---|---|
|  | O elefante é o único mamífero que non pode saltar. |
|  | Ao estalarte os dedos das mans, o que escoitas non é o cruxido dos ósos se non burbuxas de gas nitróxeno. |
|  | O noso cerebro pesa 1kg e medio, e cando durmimos crece máis. |
|  | Sabes que o corazón dun avuiza bate un promedio de 300 veces por minuto? |
|  | Os gorilas viven entre 30 e 50 anos. As crías viven coa nai durante os primeiros 3 e 4 anos |



# A FERNÁNDEZ DEL RIEGO QUIXEMOS COÑECER E POLA REDE INVESTIGAMOS SOBRE EL!

Neste curso, os alumnos e alumnas de 5º EP iniciámonos no proxecto E-DIXGAL. Unha das actividades que fixemos foi investigar sobre o galeguista ao que este ano se lle adicaron as Letras Galegas, Francisco Fernández del Riego.






Despois de buscar información e organizala puxémonos a proba con diferentes xogos interactivos a través dos nosos ordenadores, como ruletas, pasapalabras...





Pero isto non remataba aquí... As nosas profes tíñannos preparado un crebacabezas de preguntas e respostas sobre a vida e obras do autor. Velaquí a mostra!









Aproveitando a nosa participación no proxecto intercentros do concello de Narón, elaboramos os nosos murais. Que vos parecen?






Tampouco quixemos perder o Correlingua, así que nos puxémonos mans á obra deseñando as pancartas que levamos ese día.











Preparados, listos, xa no auditorio de Ferrol estábannos a agardar.






C.E.I.P. A SOLAINA

# Chistes e adiviñas de 6ºA!

Un rapaz está dubidando en entrar nunha destas tres habitacións:

- Unha que esta ardendo
- Unha con moitísimos soldados armados
- Unha con leóns mortos e famentos

Cal é a máis segura?

¡A última!

---

Teño azucre pero non son dulce. Quen son?

O azucre

---

Que lle di unha pedra a outra pedra?

– Que vida máis dura!

---

– Doutor, doutor! A miña filla comeu unha ficha do parchís!

– Pois que conte vinte!

---

Miña nai! Saquei un 10 no colexio

Un 1 en mates, un 2 en historia, un 4 en educación física e un 3 en lingua.

---

Que fai un can con "taladro"?

– "Ta" ladrando.

---

Está Juanito cunha pera na ventá e lle di ao seu pai

– Juanito, que fas na ventá?

Responde Juanito:

– E que fai un frío que pela!

---

O señor Alvarez vai ao traballo. A súa xefa lle pide que suba á segunda planta.

Quince minutos despois, a xefa busca ao señor Alvarez e lle di que baixe do cactus!

# Os pasatempos de 6º B

Adivina a película con emojis.

| | |
|---|---|
|  | |
|  | |
|  | |
|  | |

Une os idiomas

| | |
|---|---|
| España • | • Portugués |
| Alemaña • | • Ruso |
| Brasil • | • Finlandés |
| Letonia • | • Español |
| Finlandia • | • Alemán |
| Rusia • | • Ucraniano |
| Ucrania • | • Letón |

## fai o laberinto



# SOPA DE LETRAS : PAÍSES

España
Brasil
Italia
Alemaña
Letonia
Rusia
Ucrania
Finlandia

| | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| E | X | A | X | B | İ | T | A | L | İ | A | N |
| L | S | E | C | V | R | O | G | E | N | S | A |
| I | B | P | O | X | X | M | R | T | Y | M | İ |
| U | N | L | A | W | E | G | L | O | H | R | D |
| N | C | A | N | Ñ | R | Q | R | N | N | U | N |
| E | D | R | Z | U | A | S | S | İ | P | S | A |
| C | L | B | A | P | L | B | R | A | S | İ | L |
| C | Q | O | T | N | S | R | L | F | C | A | N |
| H | R | R | P | N | İ | A | X | A | N | Q | İ |
| A | L | E | M | A | Ñ | A | H | B | R | T | F |

# SUDOKU

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 5 | 3 | | | 7 | | | | |
| 6 | | | 1 | 9 | 5 | | | |
| | 9 | 8 | | | | | 6 | |
| 8 | | | | 6 | | | | 3 |
| 4 | | | 8 | | 3 | | | 1 |
| 7 | | | | 2 | | | | 6 |
| | 6 | | | | | 2 | 8 | |
| | | | 4 | 1 | 9 | | | 5 |
| | | | | 8 | | | 7 | 9 |

Adiviñas?

Cal non é froita?

a) plátano b) cebola c) laranxa

Qué é mais saudable?

a) chocolate b) auga c) pereijl




Javi, Hugo, Andrea, Diego, Ana, Adrián, Alex, Nayireth, Enrique, Sofía, Nahúm, Daniela, Lucas L., Cristian, Paula, Carla Q., Mateo, Mateo Rod., Ruth, Álvaro.V, Mario, Carme, Carla V, Aitor.

En **6º C** querémos propoñervos un **XOGO**.

Estes refráns están partidos. Búscaos e colorea cada un **dunha cor diferente**.

Marcho,

baila o can.

Cando en marzo maiea,

que teño que marchar.

Ata o catro de maio,

non te quites o saio.

A todo porco lle chega

nin tanto xo que pare.

Polo pan,

en maio, marcea.

Amiguiños si,

o seu sanmartiño.

Nin tanto arre que fuxa,

pícanlle as pulgas no rabo ao can.

No mes de San Xoán,

pero a vaquiña polo que vale.

Mexan por ti,

e dis que chove.











En Ciencias Naturais, tamén estivemos experimentando coa electricidade (a enerxía solar, os circuítos eléctricos e os motores) así como co magnetismo.





6º C



Ata montamos un robot que dá viravoltas!








FOTO DE GRUPO DE 6º EI


C.E.I.P. A SOLAINA


C.E.I.P. A SOLAINA